

# Coop-Housing: un novo xeito de Habitar

## E ti, que vas facer cando sexas maior?

<b>Día</b> 22 de Outubro de 2020	<b>Lugar</b> A través da Aula Virtual de EspazoCoop ou plataforma Zoom (en función do nº de participantes)	<b>Coordinación</b> Unión de Cooperativas EspazoCoop Tino Gago Conde Telf: 881 887 456 <a href="mailto:tino@espazo.coop">tino@espazo.coop</a> <a href="http://www.espazo.coop">www.espazo.coop</a>
<b>Duración</b> 4 horas		
<b>Horario</b> De 10:00 a 14:00 horas		

## Obxetivos

O obxectivo xeral da xornada é difundir o modelo cooperativo como alternativa habitacional, e expandir o coñecemento do cohousing en versión cooperativa enfocado para persoas maiores.

A crise da covid19 pon de manifesto os límites dun modelo de residencias xeriátricas, basadas no lucro. Por contra, modelos exitosos do movemento cooperativo son referentes de comunidades, tanto iniciativas postas en marcha polas propias persoas usuarias en réxime cooperativo e sen ánimo de lucro, como na xestión de residencias e centros de día por parte de cooperativas de traballo asociado.

Obxetivos específicos:

- Coñecer o modelo cooperativo habitacional e a visión de profesionais.
- Reflexionar sobre los elementos claves do modelo.
- Compartir e coñecer experiencias reais e boas prácticas.
- Aportar ferramentas de financiamento e aspectos útiles para poñer en marcha proxectos de vivenda cooperativa.

## Destinatarias

- De interese para diversos colectivos e persoas en xeral.
- Organizacións de economía social e cooperativa.
- Profesionais de ámbitos da construción, arquitectura, residencias, traballo social, consultoría de proxectos, etc.
- Usuarias ou potenciais usuarias de residencias de maiores.
- Entre outras destinatarias.

## Inscrición

Participación aberta e libre (previa inscrición).  
A través do formulario en liña, [neste enlace](#).

## Programa

| 9:45 – 10:00 |

**Recepción de participantes na plataforma virtual.**

| 10:00 - 10:15 |

**Presentación e inauguración da Xornada**

(Subdirección Xeral de Economía Social e Unión de Cooperativas EspazoCoop)

| 10:15 - 11:00 |

**Solucións habitacionais para o envellecemento activo. Vivendas colaborativas ou cohousing | Laura López (Universidad Pablo Olavide, cátedra el Roble).**

Rolda de preguntas (10.45 -11.00 h.).

| 11:00 - 12:30 |

**Mesa de Experiencias.**

**-Jaime Moreno da cooperativa Trabensol, Cohousing senior de base cooperativa.**

**-María Jesús Zabaleta da cooperativa GSR, Xestión de Servizos Residenciais. Xestión de residencias, centros de día e vivendas tuteladas.**

**- Sonia Jalda do Colectivo de Traballadoras de Residencias de Galicia.**

Rolda de preguntas (12.00 -12.30 h.)

| 12:30 - 13:30 |

**Financiamento cooperativo para proxectos de Cohousing: Fiare Banca Ética e Coop57.**

| 13.30 – 14.00 |

**Oportunidades e retos do Coop-Housing.**